



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE VALGA PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA COLECCIÓN VISITABLE, MUSEO DA HISTORIA DE VALGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A ampliación da colección visitable, no Museo da Historia de Valga

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

As actuacións teñen por obxecto principal o fomento e promoción da cultura, e a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural dentro da programación anual que fai a Consellería, no que se trazan as directrices a seguir dentro do mapa de infraestruturas socioculturais de Galicia.

Coa realización destas actuacións rendese tributo a este creador irrepetible e facilítase a aproximación a súa obra e o seu universo.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación pola necesidade de atender áreas específicas para a





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>

galicia

difusión dos recursos cos que contamos, como é o proxecto de ampliación da colección visitable no Museo da Historia de Valga, único con estas características, consistente en adaptar o espazo do museo ás novas necesidades das pezas que se incorporan a este. O visitante deste museo pode interpretar non só a historia de Valga, senón que tamén coñecerá a cultura e etnografía, así como a paisaxe natural ou os principais persoeiros ilustres como Xesús Ferro Couselo ou A Bella Otero. Este museo fai unha gran labor na difusión cultural e patrimonial entre os visitantes. A día de hoxe este museo é o núcleo dinamizador da Cultura e Patrimonio tanto do concello de Valga como da comarca.

Por todo o anterior é o Concello de Valga o que posúe a especificidade como beneficiario, así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

